Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria
NÚMERO: 2019/14

DATA: xoves 31 de outubro de 2019
LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h
HORA DE REMATE: 22:15 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
ADELINA CES QUINTANS
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
FRANCISCO RUBIO VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARIA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta Pleno ordinario de 26 de setembro de 2019
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Dación de conta da Sentenza nº 216/2019 do Xulgado contencioso administrativo nº 1

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concellooderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

de Santiago de Compostela. Procedemento: Dereitos Fundamentais 243/2018
4. Aprobar o proxecto modificado do 7/10/2019 - DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS NO CONCELLO DE RIANXO-FASE 1
5. Modificación de ordenanzas fiscales. TAXA LIXO.
6. Aprobación inicial do Orzamento e do Cadro de Persoal de 2019
7. MOCIÓN DECLARACIÓN DE APOIO AOS DIRIXENTES CATALÁNS PRESOS.
8. MOCIÓN DA RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA UNIVERSIDADE PRIVADA DE GALIZA
9. MOCIÓN VÍA GALEGA
10. MOCIÓN DECLARACIÓN DO RÍO TE COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL
11. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000014 e identificado pola pegada dixital:

**77ff7a7f535a7db2798214cdc98f4dbec875030f9e88fc5b8622a2524d021bce**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=U_wKsHw-_r4**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

**1 APROBACIÓN ACTA PLENO ORDINARIO DE 26 DE SETEMBRO DE 2019**

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 12/2019 de 26/09/2019.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/09/2019, Acta nº 12/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta

## 2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2019 ata o 30/09/2019, que comprenden os números 777/2019 ao 842/2019, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 15 da Sesión ordinaria do día 05/09/2019
- Acta nº 18 da Sesión extraordinaria do día 23/09/2019

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## 3 DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 216/2019 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROCEDEMENTO: DEREITOS FUNDAMENTAIS 243/2018

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

Con data 16 de outubro de 2019 (Rexistro de entrada nº 5160) tivo entrada no Concello a sentenza nº 216/2019 de data 10/10/2019, correspondente ao Procemento dereitos fundamentais 243/2019, sobre acordo plenario de 31 de maio de 2018.

.../... FALLO:

Estimar en parte el recurso contencioso administrativo tramitado por el cauce especial del procedimiento para la protección de los derechos fundamentales de la persona presentado contra Acuerdo del pleno de Rianxo de 31 de mayo de 2018, declarando la disconformidad a derecho y nulidad de los puntos, 1, 2 y 3 citados del referido acuerdo. Se desestima el recurso en cuanto al resto de puntos.



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Sin imposición de costas.

Notifiquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe interponer recurso de apelación – admisible en un solo efecto – para ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia. El plazo para presentar el recurso de apelación es de quince días hábiles, a contar desde el siguiente al de la notificación. Junto con el escrito de interposición del recurso ha de presentarse el justificante de ingreso en la cuenta de depósitos y consignaciones judiciales el depósito a recurrir, de 50 euros por cada recurrente.

.../...

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

**4 APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DO 7/10/2019 - DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS NO CONCELLO DE RIANXO-FASE 1**

En sesión plenaria de 13 DE DECEMBRO DE 2018 adoptouse acordo relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal-Plan Único de Concellos-POS+2019,no que se aprobaba o PLAN COMPLEMENTARIO do ano 2019, onde entre outras, se incluía o seguinte investimento:

“ DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO-FASE 1”, con orzamento de 115.138,95 €.

En informe técnico ( Anexo V das Bases do POS+2019) emitido por Ana I Piñeiro Esperante en data de 07.12.2018 indicábase que era preciso para a execución da citada obra autorización da Axencia Galega de Infraestructuras ( AXI) por estar na zona de protección da estrada AC-305.

Consta así mesmo informe técnico de data de 11.03.2019 emitido por Ana I Piñeiro Esperante en relación a requerimento da Deputación da Coruña , indícase:

“

**Aclaración ao ANEXO V**

En relación ao requirimento de Deputación de aclaración sobre se se precisa autorización de Deputación da Coruña e da Dirección Xeral do patrimonio cultural fanse as seguintes consideracións.

1- No proxecto fai referencia a dúas fases sendo a **fase 1 o obxecto de proxecto** que se sitúa fora da zona de protección da estrada DP-7202, sendo a fase 2 a que está na zona de protección da estrada DP-7202.

2- Respecto da afección das obras sobre os cruceiros, considérase que de acordo co artigo 45.2

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

da lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galicia e coa Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de Patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, non se precisa autorización da Dirección xeral do Patrimonio cultural de Galicia.

3- Non obstante se a Administración da Deputación da Coruña considera que é unha deficiencia a falta destas autorizacións deberíase dar traslado do proxecto de dotación de rede de saneamento no lugar de Burés a ditas Administración para sometelas ao seu informe ou autorización segundo proceda."

Dado que o xefe do Servizo Provincial da Coruña da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de galicia resolveu en xullo de 2019 autorizar a intervención solicitada con determinadas condicións., en data de 10.07.2019 emítese novo informe da arquitecta anteriormente mencionada indicando que " (...) Vistas as condicións de resolución e visto o proxecto aprobado para a execución das obras **considérase que se deberá redactar un modificado do proxecto no que se recollan as modificacións necesarias para adecuarse ás condicións impostas en dita resolución.**

En data de 28.08.2019 con R.E. nº 4144 recíbese o proxecto modificado redactado por Juan Carlos Bastos González, en data de 30.08.2019 emítese novo informa da arquitecta da asistencia técnica onde se indica:

" Redáctase o proxecto modificado para dar cumprimento as condicións impostas na resolución de autorización da Axencia galega de infraestruturas(AXI).

A adecuación á autorización implica a introdución dunha nova partida e a reaxuste das medición dalgunhas partidas, sen modificar o orzamento final do investimento.

O proxecto non modifica o ámbito e trazado da rede de saneamento.

Polas características das modificacións introducidas no proxecto, son válidas as afirmación contidas nos informes emitidos anteriormente respecto desta obra."

En data de 30.09.2019 con rexistro de entrada recíbese no Concello novo proxecto modificado redactado por Juan Carlos Bastos González, para segundo indica atender a novo requerimento de subsnación da Deputación da Coruña.

En data de 07.010.2019 recíbese novo proxecto modificado asinado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González.

A través da plataforma SUBTEL recíbese comunicación da Deputación da Coruña indicando:

"Revisada a documentación presentada polo concello nesta convocatoria en relación coa tramitación dun proxecto modificado deste investimento, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación emitiu o 8 de outubrode 2019 un informe favorable do proxecto

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

técnico modificado.

Polo tanto, para continuar coa tramitación deste proxecto modificado será preciso que ese concello realice aseguinte actuación:-Aprobar polo órgano competente do concello o proxecto modificado asinado polo arquitecto Juan Carlos BastosGonzález o 7 de outubro de 2019,que foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos desta deputación o 8 de outubro de 2019 e posteriormente, subir a certificación da dita aprobación."

Atendendo ao exposto, é á documentación obrante no expediente, considerando que os cambios introducidos obedecen á nececesidade de axustarse aos condicionados impostos polo órgano sectorial autorizante así como aos requerimentos efectuados polo ente provincial, coa presente , proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Aprobar o proxecto modificado asinado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González o 7 de outubro de 2019 relativo a DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS NO CONCELLO DE RIANXO-FASE 1 ,que foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos desta deputación o 8 de outubro de 2019 e posteriormente.

SEGUNDO

Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña elevando a correspondente certificación á plataforma SUBTEL.

Nembargantes o Pleno acordará o que estime pertinente.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, APROBÁNDOSE por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## 5 MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCALES. TAXA LIXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCALES. TAXA LIXO sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar a modificación da ordenanza que está suxeito a prazos

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

O concelleiro Tobias Betanzos Rego, da conta da proposta, dicindo que advertido un erro na proposta onde di:

| TARIFAS: PERIOD | | |
|---|---|---|
| | Servizo Diario | Servizo Alterno |

Debe por:

| TARIFAS: PERIODO CUADRIMESTRE | | |
|---|---|---|
| | Servizo Diario | Servizo Alterno |

Vista a RESOLUCIÓN do 15 de xaneiro de 2019 pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama) para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para o devandito ano na que se resolve:

“Facer público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable, durante o ano 2019, no marco do sistema promovido pola Xunta de Galicia para a xestión institucional dos residuos de competencia municipal e xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama), que se fixa na suma de 69,83 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

Establecer e facer pública unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 10 % da cantidade que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018. Desta forma, o canon bonificado establécese en 62,93 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido. O devandito canon bonificado será de aplicación a aquelas entidades locais que cumpran as condicións específicas establecidas nese punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.”

Sendo que foi presentada solicitude municipal de data 20 de febreiro de 2019 dirixida a SOGAMA pola que se solicita a aplicación da bonificación na facturación emitida ao Concello de Rianxo e se asume o compromiso de adoptar as medidas para poder trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo; a bonificación foi efectiva na facturación presentada pola empresa dende xaneiro de 2019.

Para o exercicio 2020 é o desexo do equipo de goberno adoptar as medidas para poder trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo; adicionalmente, ínstase á Tesouraría municipal para que desenvolva o contido da Ordenanza en base á normativa legalmente aplicable sobre o concepto de unidade de vivenda, deventicación da

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

taxa en relación á situación catastral e/ou uso e ocupación dos inmobles indivisos (vivenda, locais no caso de declaración de fin de actividade, ...), non habitables/habitados, en situación de ruína non declarada, e demais situacións non definidas con claridade na ordenanza fiscal e que están a producir numerosas reclamacións polo contribuínte.

Emítese informe de conformidade pola Tesouraría e Intervención municipais.

E polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: modificar a Ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo, de acordo co seguinte tenor literal:

**Rianxo - Ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo**

**Artigo 1.- Fundamento e natureza.-**

**En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Rianxo establece a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos, a que se refire o artigo 20.4s) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao prevido no art. 57 do citado real decreto lexislativo.**

**Artigo 2.- Feito e base impoñible.-**

**1. Constitúe o feito impoñible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Rianxo, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos y Suelos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.**

**2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de**



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

que estean ou non, habitados ou utilizados. En consecuencia, todos eles tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo.

3. A base impoñible determinarase atendendo á natureza, destino ou uso do inmoble, e en función do servizo e frecuencia de recollida dos lixos na zona ou lugar onde estea situado; e así mesmo, atendendo á clasificación establecida no anexo da presente ordenanza, en base aos seguintes elementos:

Unidade de vivenda: Considérase vivenda toda edificación de uso residencial independente que posúa certificado final de obras e licenza de ocupación. Non obstante o anterior, as unidades urbanas que carezan de certificado final de obras, licenza de ocupación ou división horizontal tributarán como tal se se demostra polos Servizos de Inspección deste Concello que están destinadas ao devandito uso. En consecuencia, en todas as edificacións onde non conste realizada a división horizontal, ou igualmente, non estivesen reflectidas de forma segregada ou non figuren no catastro inmobiliario, liquidaranse por tantas cotas como vivendas únicas e de uso independente resulten.

A vivenda única e de uso independente que se formou como agrupación de dúas ou máis lindeiras, pagará unha soa cota aínda que non se reflicta tal agrupación en escritura pública ou no catastro inmobiliario, e sempre que concorran as seguintes condicións:

- Que o pago como cota única de vivenda sexa solicitada polo interesado.
- Que estea habitada por unha soa unidade familiar.
- Que non dispoña de máis dun contador de augas ou de luz e que non conte con accesos independentes.
- Que os servizos municipais de Inspección Tributaria informen que, de feito, trátase dunha soa vivenda.
- Que se resolva dita solicitude mediante Resolución municipal.

No caso de que nunha vivenda ou nos seus anexos exérzase unha actividade comercial ou profesional, ou hai un uso total ou parcial para almacén ou depósito atenderase ao seguinte:

- Se a vivenda destínase completamente a unha actividade comercial ou profesional tributará soamente pola cota que lle corresponda pola devandita actividade.
- Se a vivenda destínase parcialmente a unha actividade comercial ou profesional por parte do propietario, sendo ademais o seu domicilio particular, tributará só pola cota que corresponda pola devandita actividade, a condición de que a superficie destinada á actividade e ao domicilio non sexan susceptibles de uso independente;

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

no caso de producir baixa a actividade, a vivenda tributará pola cota que lle corresponda aos usos independentes que permanezan para a superficie do inmoble (vivenda, ou vivenda e local non tarifado).

- Se a vivenda destínase parcialmente a unha actividade comercial ou profesional baixo titularidade distinta do propietario, tributará pola cota de vivenda e pola cota que lle corresponda pola devandita actividade.

- Se unha vivenda ou calquera dos seus anexos (garaxes, rocho, etc.) destínase parcialmente a uso de almacén ou depósito dunha actividade comercial, tributará pola cota de vivenda e pola cota de almacén ou depósito de tipo non industrial pola superficie que se destine a tal uso. Se a vivenda destínase totalmente a almacén ou depósito tributará como tal toda a superficie.

Unidade de local ou establecemento: Para os efectos da aplicación desta taxa, considérase local ou establecemento a todo inmoble cuxo destino ou uso sexa distinto á de vivenda. Cuantificarase como local a todo inmoble de uso independente, que sexa susceptible para a realización dunha actividade industrial, comercial, profesional, artística ou de servizo, aínda que non conste na división horizontal ou non estivese reflectido no catastro inmobiliario. A cota ou cotas a pagar determinaranse en función da actividade económica que neles realícese.

Para a computación das unidades de local ou establecemento, terase en consideración o seguinte:

- Se a actividade económica exércese en varios locais unificados, pero non constase a agrupación na división horizontal, ou igualmente, non estivese reflectida no catastro inmobiliario, só liquidarase unha cota pola actividade que se exerza, computándose como superficie a suma correspondente a cada un dos locais. A tales efectos procederase a liquidar polos datos catastrais do local de maior superficie.

- Aos locais que figuren segregados, sen que conste na división horizontal ou non estivese reflectido no catastro inmobiliario, liquidaráselles individualmente pola cota que lle pertenza segundo a actividade exercida en cada un deles, cuantificándose, a tal fin, a superficie que lle corresponda.

- Nos locais que se exerzan varias actividades que poidan dar lugar á aplicación de distintas cotas, liquidaráselle pola cota de maior contía, a condición de que se exerzan por un mesmo titular. Se as actividades son realizadas por distintos titulares, liquidarase pola cota correspondente a cada unha da actividades e cuantificándose proporcionalmente a superficie que utilice cada actividade.

- Os locais nos que non se exerza actividade algunha tributará pola cota de locais



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

non expresamente tarifados. A tales efectos, terase que demostrar que no devandito local non se exerce ningunha actividade comercial e que non se use como almacén ou depósito.

As altas nos Padróns fiscais da taxa de lixo produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.

A efectos da aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corrixiran os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmoble no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.-

1. 1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .

En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2, do citado RDL 2/2004.

Artigo 4.- Responsables.-

Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

## Artigo 5.- Exencións. Non se determinan exencións aplicables.

## Artigo 6.- Tarifas

| TARIFAS: PERIODO | Servizo Diario | Servizo Alterno |
|---|---|---|
| **1.- Vivendas:** | | |
| VIVENDAS | 30,79 € | 25,21 € |
| **2.- Alimentación:** | | |
| SUPERMERCADOS | | |
| Ata 150m2 | 62,29 € | 43,41 € |
| Máis de150 ata 250 m2 | 93,79 € | 64,38 € |
| (>250m2) | 130,13 € | 89,30 € |
| COOPERATIVAS | 62,29 € | 43,41 € |
| ECONOMATOS | 62,29 € | 43,41 € |
| ULTRAMARINOS | 62,29 € | 43,41 € |
| CARNICERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| PANADERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| PASTELERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| FROITERÍAS: | | |
| Ata 100 m2 | 62,29 € | 43,41 € |
| (>100m2) | 91,58 € | 63,11 € |
| CHURRERÍAS, FRITURAS | 62,29 € | 43,41 € |
| PEIXERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| CONXELADOS | 62,29 € | 43,41 € |
| XELADERÍAS, LAMBETADAS | 62,29 € | 43,41 € |
| **3.- Calzados, tecidos, mercerías e confección:** | | |
| COMERCIOS DE CALZADO | 62,29 € | 43,41 € |
| COMERCIOS DE TECIDOS | 62,29 € | 43,41 € |
| COMERCIOS DE CONFECCIÓN | 62,29 € | 43,41 € |
| TENDAS DE DEPORTE | 62,29 € | 43,41 € |
| MERCERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| **4.- Droguerías, ferraxerías, electrodomésticos, cristais, pinturas:** | | |

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| TAPICERÍAS, DECORACIÓN | 62,29 € | 43,41 € |
| DROGUERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| ARTIGOS DE REGALO, XOGUETES | 62,29 € | 43,41 € |
| ARTIGOS DE BRICOLAXE E MANUALIDADES | 62,29 € | 43,41 € |
| FERRAXERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| ELECTRODOMÉSTICOS: (> 150m2) | 91,58 € | 63,11 € |
| (< 150m2) | 62,29 € | 43,41 € |
| CRISTALARÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| COMERCIO DE PINTURAS | 62,29 € | 43,41 € |
| **5.- Papelarías, imprentas, estancos, loterías, fotografía, mobles de oficina, xoierías e florerías:** | | |
| ESTANCOS | 62,29 € | 43,41 € |
| LOTERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| FOTOGRAFÍA | 62,29 € | 43,41 € |
| LIBRERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| PAPELERÍA | 62,29 € | 43,41 € |
| IMPRENTAS | 91,58 € | 63,11 € |
| MOBLES E MAQUINARIA DE OFICINA | 62,29 € | 43,41 € |
| FLORERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| VENDA ANIMAIS DE COMPAÑÍA | 62,29 € | 43,41 € |
| XOIERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| RELOXERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| **6.- Mobles, funerarias, marmorerías e materiais de construcción:** | | |
| MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN: | | |
| (polo miúdo) | 62,29 € | 43,41 € |
| (por xunto) | 91,58 € | 63,11 € |
| MARMORERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| MOBLERÍAS: | | |
| (Ata 500 M2) | 76,29 € | 58,80 € |
| (> 500M2 e ata 1000 M2) | 93,79 € | 64,38 € |
| (> 1000M2) | 130,13 € | 89,30 € |
| POMPAS FÚNEBRES | 62,29 € | 43,41 € |
| **7.- Artesanía, oficios e obradoiros:** | | |
| PERRUQUERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| XASTRERÍAS | 30,79 € | 25,21 € |
| TALLERES DE COSTURA | 30,79 € | 25,21 € |
| CARPINTERÍAS DE MADEIRA E METAL | 91,58 € | 63,11 € |



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| TINTURERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| SALÓNS DE BELEZA | 62,29 € | 43,41 € |
| REPARACIÓN DE CALZADO | 30,79 € | 25,21 € |
| OBRADOIROS | 30,79 € | 25,21 € |
| **8.- Industria do automóbil, talleres mecánicos, exposición e venda de vehículos, garaxes, etc.** | | |
| VENDA E RECAMBIO DE VEHÍCULOS | 62,29 € | 43,41 € |
| GASOLINEIRAS | 130,13 € | 89,30 € |
| LAVADO-ENGRAXE VEHÍCULOS | 103,13 € | 64,38 € |
| TALLERES DE ELECTRICIDADE DO AUTOMÓBIL | 103,13 € | 64,38 € |
| TALLERES MECÁNICOS | 103,13 € | 64,38 € |
| ÍDEM CON EXPOSICIÓN E VENDA | 103,13 € | 64,38 € |
| REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES | 103,13 € | 64,38 € |
| TALLER MAQUIN.E VEHÍC.AGRIC. E INDUST. | 103,13 € | 64,38 € |
| EXPOSIC.E VENDA VEHÍC.E MAQUIN.AGRIC. E INDUST. | 103,13 € | 64,38 € |
| GARAXES DE AUTOMÓBILES INDUSTRIAIS | 62,29 € | 43,41 € |
| **9.- Oficinas, bancos,axencias,farmacias,profesións liberais, centros de ensino e recreativos:** | | |
| OFICINAS | 62,29 € | 43,41 € |
| AXENCIAS: INMOBILIAR.,DE VIAXES,DE SEGUROS, ETC. | 62,29 € | 43,41 € |
| SOCIED.RECREAT.E ASOCIACIÓNS CON FIN DE LUCRO | 62,29 € | 43,41 € |
| DESPACHOS E CONSULTAS DE PROFESIÓNS LIBERAIS | 76,29 € | 58,80 € |
| BANCOS E CAIXAS DE AFORRO | 130,13 € | 89,30 € |
| FARMACIAS | 93,79 € | 64,38 € |
| ÓPTICAS | 62,29 € | 43,41 € |
| CLÍNICAS MÉDICAS E DENTAIS | 93,79 € | 64,38 € |
| CLÍNICAS VETERIANARIAS | 62,29 € | 43,41 € |
| CENTROS PRIVADOS DE ENSINO, ACADEMIAS | 62,29 € | 43,41 € |
| GARDERÍAS | 62,29 € | 43,41 € |
| AUTO-ESCOLAS | 62,29 € | 43,41 € |
| SALAS DE XOGO: | | |
| (S/máquinas tipo B) | 62,29 € | 43,41 € |
| (c/máquinas tipo B) | 93,79 € | 64,38 € |
| VIDEO-CLUBE | 62,29 € | 43,41 € |
| ESTABLECEMENTOS DE CIBERNÉTICA | 62,29 € | 43,41 € |
| XIMNASIOS | 62,29 € | 43,41 € |
| **10.- Establecementos de hostalerías, aloxamento, restauración e espectáculos:** | | |
| DISCOTECAS | 130,13 € | 89,30 € |



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| SALAS DE FESTA | 130,13 € | 89,30 € |
| SALAS DE CINE | 62,29 € | 43,41 € |
| BINGOS | 130,13 € | 89,30 € |
| BARES E TABERNAS | 62,29 € | 43,41 € |
| BARES E CAFETERÍAS CATEGORÍA ESPECIAL | 76,29 € | 58,80 € |
| CLUBES E UISQUERÍAS | 130,13 € | 89,30 € |
| FONDAS, HOSTAIS, HOSPEDAXE: | | |
| (1 ata 10 habitacións) | 76,29 € | 58,80 € |
| (de 11 a 20 habitacións) | 93,79 € | 64,38 € |
| (Máis de 20 habitacións) | 130,13 € | 89,30 € |
| RESTAURANTES CON VODAS E BANQUETES | 130,13 € | 89,30 € |
| RESTAURANTES SEN VODAS E BANQUETES: | | |
| (1 garfo) | 76,29 € | 58,80 € |
| (máis de 1 garfo) | 93,79 € | 64,38 € |
| HOTEIS | 130,13 € | 89,30 € |
| ACAMPAMENTOS | 76,29 € | 58,80 € |
| **11.- Almacéns, industrias, fábricas:** | | |
| DEPÓSITOS E ALMACÉNS DE BEBIDAS | 76,29 € | 58,80 € |
| ÍDEM DE ALIMENTACIÓN E FROITAS | 76,29 € | 58,80 € |
| ÍDEM DE FARIÑA, SEMENTES E PENSO | 76,29 € | 58,80 € |
| ALMACÉNS DE MADEIRA | 76,29 € | 58,80 € |
| FABRICA DE ENVASES E DEPÓSITOS | 93,79 € | 64,38 € |
| FABRICA DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN | 93,79 € | 64,38 € |
| FABRICA DE GASOSAS, BEBIDAS | 93,79 € | 64,38 € |
| FABRICA DE PRENDAS DE VESTIR | 130,13 € | 89,30 € |
| FABRICA DE CONSERVAS | 130,13 € | 89,30 € |
| FABRICA DE LIXIVIA, XABÓN, DETERXENTES | 93,79 € | 64,38 € |
| ESTALEIROS E SERRADOIROS | 93,79 € | 64,38 € |
| GRANXAS INDUSTRIAIS | 93,79 € | 64,38 € |
| MATADOIROS E FRIGORÍFICOS INDUSTRIAIS | 130,13 € | 89,30 € |
| **12.- Postos praza de abastos:** | | |
| POSTOS PRAZA DE ABASTOS | 30,79 € | 25,21 € |
| **13.- Locais non expresamente tarifados:** | | |
| LOCAIS NON EXPRESAMENTE TARIFADOS | 30,79 € | 25,21 € |

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**Artigo 7.- Devengo.-**

**1. Nace a obrigación de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación do servicio entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servicio municipal de recollida do lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.**

**2. O devengo da taxa prodúcese o primeiro día do período impositivo. O período impositivo coincidirá co período natural ó que se refiren as cotas sinaladas nas tarifas do art. 6 desta ordenanza. Tales cotas non son reducibles.**

**Artigo 8.- Declaración e ingreso.-**

**1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta; polos servizos económicos será emitida liquidación corresponde a alta, e a súa incorporación ó padrón municipal da taxa.**

**2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nestas as modificacións correspondentes, que xurdirán efectos a partires do período de cobranza seguinte ó da data en que se haxa efectuado a declaración.**

**3. O cobro das cotas efectuarase polo período impositivo anualmente mediante recibo derivado da matrícula.**

**Artigo 9.- Infraccións e sancións.-**

**En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.**

**Disposición final**

**A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o ________________________________, entrará en vigor o día _______________________ e permanecerá en aplicación ata que se acorde a súa modificación ou derrogación.**

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do BOP."

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, APROBÁNDOSE por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación coa corrección do erro advertido, quedando redactado da seguinte forma:

Primeiro: modificar a Ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo, de acordo co seguinte tenor literal:

## Rianxo - Ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo

### Artigo 1.- Fundamento e natureza.-

**En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Rianxo establece a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos, a que se refire o artigo 20.4s) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao prevido no art. 57 do citado real decreto lexislativo.**

### Artigo 2.- Feito e base impoñible.-

**1. Constitúe o feito impoñible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Rianxo, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de**



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos y Suelos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non, habitados ou utilizados. En consecuencia, todos eles tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo.

3. A base impoñible determinarase atendendo á natureza, destino ou uso do inmoble, e en función do servizo e frecuencia de recollida dos lixos na zona ou lugar onde estea situado; e así mesmo, atendendo á clasificación establecida no anexo da presente ordenanza, en base aos seguintes elementos:

| **DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE** | | | | |
| 1 | Educador ambiental e turístico | II | Fixo | Vacante (PEEPR nº 35) |
| 1 | Técnico Medio de Actividades | II | Fixo | Vacante (PEEPR nº 36) |
| 1 | Tractorista de limpeza de praias | V | Fixo-descontinuo | Vacante (ocupado por laboral temporal indefinido por sentenza) |
| **OUTRO PERSOAL LABORAL** | | | | |



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

| Nº | Denominación obra ou servizo- en condición de: | Categoría | | |
|---|---|---|---|---|
| 2 | Condutores | V | | |
| 1 | Oficial 1ª | V | | |
| 4 | Auxiliar axuda no Fogar | V | | |
| 1 | Condutor Ambulancia | V | | |
| 1 | Auxiliar Admtvo Servizos Sociais | IV | | |
| 1 | Axente Auxiliar de Desenv. Local | II | | |
| 1 | Orientador/a laboral | I | | |
| 2 | Auxiliares Recadación | IV | | |
| 2 | Animador Cultural | II | | |
| 1 | Administrativo Obras | III | | |
| 1 | Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais) | IV | | |
| 1 | Bedel Biblioteca | V | | |
| 2 | Peóns Xardinería | V | | |
| 1 | Fontaneiro | V | | |
| 1 | Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión) | III | | |
| 1 | Tco.Licenc.Empresariais Intervención | I | | |
| 1 | Animador Deportivo | III | | |
| 1 | Educadora Familiar | II | | |
| 1 | Traballadora Social | II | | |
| 2 | Auxiliares de Policía | IV | | |
| 1 | Normalizador/a lingüística | I | | |
| **POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO** | | | | |
| 1 | Arquitecto ARI | I | | |
| 1 | Auxiliar administrativo ARI | IV | | |
| **DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN** | | | | |

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Condutor | V | | |
| 1 | Auxiliar administrativo | IV | | |
| 1 | Operario/a de limpeza | V | | |
| 1 | Auxiliar de Recadación | IV | | |

CUARTO

Expoñer ao público polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación no BOP o orzamento e o cadro de persoal, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. A exposición pública deberá anunciarse no BOP, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello.

QUINTO

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial do orzamento e do cadro de persoal, estes consideraranse definitivamente aprobados, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación da aprobación definitiva do resumo por capítulos do Orzamento e do Cadro de persoal no BOP, de acordo cos artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

SEXTO

Coa entrada en vigor do orzamento deberán anularse os expedientes de modificación orzamentarias seguintes:

- Crédito extraordinario: 1/2019.

- Suplemento de crédito: 1/2019.

- Transferencias de crédito: 2, 3, 5, 6, 7, 10, 12, 14, 17, 19, 22, 23, 24, 27, 29, 31, 33 e 34/2019.

- Xeracións de crédito: 2, 3, 6, 7, 14, 17, 20, 21, 22, 24, 25, 26, 27, 31 e 32/2019.

- Todas aquelas modificacións que se realicen antes da vixencia do orzamento e estean incluídas nas previsións iniciais.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 1 do grupo Ciudadanos), 5 votos en contra (dos 3 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) e 0 abstencións dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**7 MOCIÓN DECLARACIÓN DE APOIO AOS DIRIXENTES CATALÁNS PRESOS.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a DECLARACIÓN DE APOIO AOS DIRIXENTES CATALÁNS PRESOS., sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

votos a favor: 12 - dos membros dos grupos BNG – PSOE – Rianxo en Común e Ciudadanos

votos en contra: 4 votos 3 dos membros do grupo PP e 1 membro do grupo BNG

abstencións: cero abstencións

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de outubro fíxose pública a Sentenza 459/2019 da Sala do Penal do Tribunal Supremo, cuxo fallo recollemos de forma literal:

Por todo lo expuesto, en nombre del Rey y por Ia autoridad que le confiere Ia Constitución, esta Sala ha decidido:

1.- CONDENAR a los siguientes acusados. como autores de un delito de sedición en concurso medial con un delito de malversación, agravado por razón de su cuantía, a las siguientes penas:

a) D. ORIOL JLJNQUERAS, a las penas de 13 años de prisión y 13 años de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegido para cargo público durante el tiempo de la condena.

b) D. RAÜL ROMEVA. a las penas de 12 años años de prisión y 12 años de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegido para cargo público durante el tiempo de la condena

c) D. JORDI TURULL, a las penas de 12 años de prisión y 12 años de inhabililación absoluta, con Ia consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegido para cargo público durante el tiempo de la condena.



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

d) Dña. DOLORS BASSA, a la pena de 12 años de prisión y 12 años de inhabilitación absofuta con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga la penada, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegida para cargo público durante el tiempo de la condena.

2.- CONDENAR a los siguientes acusados, como autores de un delito de sedición, a las siguientes penas:

a) Dña. CARME FORCADELL, las penas de 11 años y ó meses de prisión y 11 años y 6 meses de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga la penada, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegida para cargo público durante el tiempo de la condena.

b) D. JOAQUIM FORN, las penas de 10 años y 6 meses de prisión y 10 años y 6 meses de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegido para cargo público durante el tiempo de la condena.

c) D. JOSEP RULL, las penas de 10 años y 6 meses de prisión y 10 años y 6 meses de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegido para cargo publico durante el tiempo de la condena.

d) D. JORDI SÁNCHEZ las penas de 9 años de prisión y 9 años de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que torga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegido para cargo público durante el tiempo de la condena.

e) D. JORDI CUIXART, las penas de 9 años de prisión y 9 años de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos o cualesquiera otros honores, cargos, o empleos públicos y la de ser elegido para cargo público durante el tiempo de la condena.

3.- CONDENAR a los siguientes acusados corno autores de un delito de desobediencia a las siguientes penas:

a) D. SANTIAGO VILA, a las penas de multa de 10 meses con una cuota diaria de 200 erros, con responsabilidad personal subsidiaria de un día por cada dos cuotas no satisfechas, e



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

inhabilitación especial para el ejercicio de cargos públicos electivos, ya sean de ámbito estatal, autonómico o locaL así como para el ejercicio de funciones de gobierno en el ámbito estatal, autonómico o local, por tiempo de 1 año y 8 meses.

b) Dña. MERITXELL BORRÁS, a las penas de multa de 10 meses, con una cuota diaria de 200 euros, con responsabilidad personal subsidiaria de un día por cada dos cuotas no satisfechas, e inhabilitación especial para ejercicio de cargos públicos electivos, ya sean de ámbito estatal, autonómico o local, así corno para el ejercicio de funciones de gobierno en el ámbito estatal, autonómico o local, por tiempo de 1 año y 8 meses.

c) D. CARLES MUNDÓ, a las penas de multa de 10 meses, con una cuota diaria de 200 euros, con responsabilidad personal subsidiaria de un día por cada dos cuotas no satisfechas, e inhabilitación especial para el ejercicio de cargos públicos electivos, ya sean de ámbito estatal, autonómico o local, así como para el ejercicio de funciones de gobierno en el ámbito estatal, autonómico o local, por tiempo de 1 año y 8 meses.

4.- Debemos ABSOLVER y ABSOLVEMOS a todos los acusados de los delitos de rebelión y organización criminal.

5.- Debemos ABSOLVER y ABSOLVEMOS del delito de malversación de caudales públicos a los acusados D. JOAQUIM FORN, D. JOSEP RULL, D. SANTIAGO VILA, DÑA. MERITXELL BORRAS y D. CARLEs MUNDÓ.

6.- Se condena a los acusados en costas, en los términos expresados en el apartado F) de esta resolución.

7.- Remítase testimonio de esta resolución al Tribunal de Justicia de la Unión Europa para su incorporación al expediente de la cuestión prejudicial promovida por esta Sala y documentada a pieza separada

8.- Remítase testimonio de esta resolución a la Junta Electoral Central y a las Juntas Electorales Provinciales de la Comunidad Autónoma de Cataluña a los efectos legales pertinentes

9.- Remítase testimonio de esta resolución al Tribunal de Cuentas a los efectos de reclamación de la responsabilidad civil a aquellos acusados que han resultado condenados por un delito de malversación de caudales públicos.

En cuanto a las peticiones de deducción de testimonio de particulares para la posible persecución de un delito de falso testimonio, dése cuenta para resolver en resolución aparte.

Notifíquese esta resolución a las partes e insértese en la colección legislativa. La presente resolución es firme y contra ella no cabe recurso ordinario alguno.

Así se acuerda y firma.

En vista do anterior, e por dignidade democrática, o Grupo Municipal de Rianxo en común,

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

solicítalle ao Pleno de Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Aprobar unha declaración de apoio aos dirixentes cataláns presos nos seguintes termos:

Estamos diante dunha sentenza agardada, inxusta, que demostra a incapacidade por parte dos partidos maioritarios do Estado español, nomeadamente daqueles que veñen gobernando nos últimos anos, de abrir as portas ao diálogo. Un diálogo que para ser efectivo debe ir alén das palabras, permitindo a posta en marcha de calquera proxecto político, materializable sempre e cando dispoña de apoio cidadá.

Con esta sentenza, que suma un século de cárcere para os dirixentes independentistas cataláns, queda constatado que no actual marco xurídico-politico do Estado español non se poden materializar todos os proxectos políticos, aínda que sumen maiorías sociais e electorais.

A sentenza entra dentro dunha estratexia para establecer un marco de excepcionalidade xurídica que neste caso atravesa ao independentismo catalán, pero que mañá podería estenderse a outros movementos en calquera parte do Estado.

Ante a materialización deste retroceso democrático precisamos sumar vontades, no inmediato, para blindar dereitos sociais e civís recollidos mesmo no actual marco xurídico-político. Vivimos unha erosión dos dereitos de todos. En democracia todos debernos poder expresarnos libremente. En democracia as institucións deben servir para resolver conflitos non para alongalos.

Así pois, o Concello de Rianxo, fai  un chamamento a construír escenarios que contribuían ao dialogo, sen marcos, respectuoso co dereitos de autodeterminación dos pobos, e demanda a posta en liberdade de todos os presos e presas políticos condenados por cumprir coa vontade popular de romper co réxime xurídico-politico establecido.

A secretaria accidental pide a palabra para sinalar que a este respecto, o Pleno do Concello arrogase unha competencia non atribuída ao mesmo, expresadas no artigo 22 da LBRL, (debendo lembrar que as competencias do Pleno do Concello son taxadas, correspondendo ao señor Alcalde de forma residual, por aplicación as previstas no artigo 21.1 s) as non atribuídas expresamente por norma a ningún órgano municipal) e non se está a adoptar un acordo sobre materias de competencia plenaria, xa que en todo caso, solicita a adopción dunha medida que tampouco entra no ámbito de execución do Concello.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 7 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo Rianxo en

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Común), 4 votos en contra (dos 3 membros do grupo PP e a concelleira do grupo Ciudadanos) e 5 abstencións (4 dos membros do grupo PSOE e 1 concelleiro do BNG) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

**8 MOCIÓN DA RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA UNIVERSIDADE PRIVADA DE GALIZA**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA UNIVERSIDADE PRIVADA DE GALIZA, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

votos a favor: 13 dos membros dos grupos BNG – PSOE – Rianxo en Común e Ciudadanos

votos en contra: cero votos

abstencións: 3 dos membros do grupo PP

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza leva anos desmantelando o ensino público, e particularmente a universidade pública galega, cun claro obxectivo: favorecer a expansión dos centros privados e concertados, así como a implantación no noso país dunha universidade de iniciativa Privada unha realidade que cada vez está máis preto grazas á teima do goberno de Núñez Feijóo por polarizar o acceso a unha educación de calidade.

A Xunta de Galiza leva anos na estratexia de desviar estudantes cara o ensino privado e fora das universidades públicas galegas, impoñendo cláusulas de estabilidade que impiden que medren os alumnos no Sistema Universitario de Galiza (SUG), e recortando en becas e axudas á investigación. Agora pretende culminar este camiño coa instauración no noso país dunha universidade privada e fai uns días, coincidindo coa volta as clases, a Xunta botou a andar a tramitación do anteproxecto de lei para a creación dunha universidade privada en Galiza, a Universidade Intercontinental da Empresa promovida por Abanca someténdoo a información pública. No artigo primeiro do devandito anteproxecto, de Recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa, sinálase:

l. Recoñécese a Universidade Intercontinental da Empresa, como universidade privada do Sistema Universitario de Galicia para impartir ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

semipresencial.

2. A Universidade Intercontinental de Empresa, nace como unha institución privada de educación superior, de servizo público e responsabilidade social e con personalidade xurídica Propia. Constitúese como "Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa, en adiante, FEUI, de interese galego e sen ánimo de lucro.

3. A Universidad Intercontinental da Empresa, establecerase na Comunidade Autónoma de Galicia con sede en Santiago de Compostela e os seus campus académicos en A Coruña e Vigo.

Resulta incomprensible que a Xunta de Galiza presente o Anteproxecto de Lei de Recoñecemento da Universidade Privada sen memoria técnica nin económica. Tampouco se incorpora no devandito anteproxecto as titulacións que se van impartir, de tal xeito que, no futuro, podemos atoparnos cunha competencia innecesaria e absolutamente desleal entre a universidade pública e a universidade privada.

As institucións públicas deben apostar decididamente por unha educación pública e de calidade e, fundamentalmente, o ensino e a investigación no SUG, a fin de contribuír á excelencia das nosas universidades e fomentar a súa competitividade no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Xa que logo, por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Rianxo en Común, solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1.- O Pleno da Corporación Municipal de Rianxo insta á Xunta de Galicia a retirar o Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidade intercontinental de la Empresa”

2.- A Corporación Municipal de Rianxo, no caso de ir adiante a devandita universidade privada patrocinada por ABANCA acorda clausurar contas, operación financeiras, etc. coa díta entidade bancaria.

3.- Remitir o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia ao Conselleiro de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como a todos os grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

A secretaria accidental pide a palabra para sinalar, respecto á oportunidade do acordo solicitando á Xunta de Galicia que no ámbito dunha competencia estritamente autonómica se retire un anteproxecto dunha norma, corresponde á valoración do Pleno do Concello. Máis respecto á parte do acordo onde se decide a cancelación de contas e operacións financeiras cunha entidade bancaria, advírtese, sen prexuízo do mellor criterio que corresponda emitir á Tesoureira municipal, que as cancelacións dos acordos privados poderían ter consecuencias derivadas dos contratos que a tal fin se teñan subscrito, que deberían de ser analizados previamente á adopción de calquera acordo desta natureza. Así mesmo, insístese en que a citada parte do

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

acordo non é unha competencia que corresponda ao Pleno a non ser que as operacións foran concertadas polo mesmo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e 4 abstencións (da concelleira do grupo Ciudadanos e 3 dos membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos seguintes termos:

1.- O Pleno da Corporación Municipal de Rianxo insta á Xunta de Galicia a retirar o Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidade intercontinental de la Empresa"

2.- Remitir o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia ao Conselleiro de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como a todos os grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

**9 MOCIÓN VÍA GALEGA**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a MOCIÓN VÍA GALEGA, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

votos a favor: 13 dos membros dos grupos BNG – PSOE – Rianxo en Común e Ciudadanos

votos en contra: cero votos

abstencións: 3 dos membros do grupo PP

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

No poema **Pra a Habana!** a nosa poeta, **Rosatía de Castro**, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigiación. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de **Cantares Gallegos** este drama dista moito de ser unha triste

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

lembranza do noso pasado. Segundo datos do **Instituto Galego de Estatística**, nos últimos 10 anos (2008-2017 -últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79-529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboacion

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu **Pra a Habana!** a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Gatiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante,, e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significárá a morte a medio prazo de Galiza como ente cotectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da concíliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os **seguintes acordos**:

- Dirixirse ao Parlamento de Gatiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás potíticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Gatiza a impulsar potíticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.
- Instar ao Parlamento de Gatiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses estude e propoña as medidas e políticas necesanas para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao pobo Galego.
- Deben ser eixos destas políticas:



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de potíticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e 4 abstencións (da concelleira do grupo Ciudadanos e 3 dos membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

**10 DECLARACIÓN DO RÍO TE COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a DECLARACIÓN DO RÍO TE COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

votos a favor: 13 dos membros dos grupos BNG – PSOE – Rianxo en Común e Ciudadanos

votos en contra: cero votos

abstencións: 3 dos membros do grupo PP

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 1/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza ter por obxecto establecer as normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á axeitada xestión dos espazos naturais da flora e fauna silvestres da comunidade autónoma



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

galega. En definición dos bens e valores, os espazos naturais protexidos regulados nesta lei clasifícanse en diferentes categorías; unha delas é o Espazo Natural de interese local (SENIL).

A regulación dos espazos naturais de interese local recollida na Lei 9/2001, de 21 de agosto, foi desenvolvida polo Decreto 124/2005 do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural. Dito decreto no seu artigo 6.1, recolle a necesidade da aprobación de plans de conservación nun prazo non superior aos dous anos dende a declaración provisional do espazo natural como protexido.

Os ditos plans de conservación establecerán o réxime de usos e actividade permisibles así como as limitación que se consideren necesarias para a conservación do espazo. Establécense polo tanto as directrices necesarias en materia de conservación, uso público, investigación, formación, educación, sensibilización e desenvolvemento sostible.

Os pans de conservación serán vinculantes, tanto para as administración públicas como para os particulares; prevalecerán sobre a planificación urbanística e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles.

Tendo en conta todo o anterior, en nun contexto de emerxencia climática no cal temos que poñer todas e cada unha das medidas que estean da nosa man para conservar o noso medio natural e deixarlle aos que nos sucedan un mundo máis limpo e saudable. o Grupo Municipal de Rianxo en Común solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- Solicitarlle á administración competente a declaración do Río Te como Espazo Natural de interese Local.

2.- Iniciar a realización dun Plan de Conservación para esta zona coa finalidade de: conservar os recursos naturais e das especies naturais e vexetais que forman parte do espazo, así como promover a educación, divulgación e coñecemento dos valores ecolóxicos e do seu significado para potenciar unha maior sustentabilidade pública.

3.- Crear unha comisión de seguimento da redacción do plan do proceso administrativo até que se acade a declaración solicitada.

A secretaria accidental pide a palabra para sinalar, en primeiro lugar preséntase unha moción que está fundamentada nunha norma, a Lei 9/2001 de 21 de agosto de conservación da natureza, que está derogada pola Lei 5/2019 de 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia (DOG núm. 149 de 7 de agosto de 2019), e en vigor dende o 27 de agosto de 2019, polo que se entende que non procede adoptar acordo algún ao respecto en atención ao indicado.

Véxase así, que conforme á norma derogada, entre os espazos naturais protexidos, estaba o espazo natural de interese local (art. 9) e era o Concello quen tiña que efectuar á solicitude á

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Xunta de Galicia, da declaración como espazo natural de interese local (artigo 17). A planificación do citado espazo natural (delimitación de usos permitidos, prohibicións...) tiña que efectuarse a través dun plan de conservación que tiña que ser aprobado no prazo de dous anos dende a declaración de espazo natural. (art. 37), indicándose no artigo 40 que “O Plan de Conservación formularase pola Consellería de Medio Ambiente, que o someterá a información pública e audiencia aos interesados que se tiveran personado no expediente, para sometelo logo ao Consello da Xunta para a súa aprobación mediante decreto, correspondendo logo ao concello a xestión.

Así, na presente moción, ademais do anterior sinalado establécese a petición á Xunta de Galicia para que efectúe a declaración do río Té como Espazo Natural de Interese Local e acordase, iniciar a realización dun Plan de Conservación para esa zona, creando ao mesmo tempo unha Comisión de Seguimento da redacción do plan ata que se acade a declaración solicitada.

A este respecto, no só o Pleno do Concello se arroga unha competencia non atribuída ao mesmo, expresadas no artigo 22 da LBRL (debendo lembrar que as competencias do Pleno do Concello son taxadas, correspondendo ao señor Alcalde de forma residual por aplicación as previstas no artigo 21.1 s) as non atribuídas expresamente por norma a ningún órgano municipal) senón que se arroga tamén unha competencia que pola citada norma correspóndelle á Xunta de Galicia no que á formulación dos citados plans se refire, tal e como se fundamentou anteriormente.

Po elo, en atención ás razóns expostas e dado que se trata de adoptar un acordo sobre unha norma derogada, advírtese da necesaria retirada do mesmo por contravir ao ordenamento xurídico.

O Alcalde solicita en base ao establecido no artigo 92.1 do ROF a retirada do citado asunto da orde do día, para a súa adaptación a Lei 5/2019 de 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia (DOG núm. 149 de 7 de agosto de 2019), e en vigor dende o 27 de agosto de 2019.

Sometido a votación a citada proposta, acórdase por unanimidade dos membros do Pleno da Corporación, retirar o citado asunto.

## 11 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000014 e identificado pola pegada dixital:



CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**77ff7a7f535a7db2798214cdc98f4dbec875030f9e88fc5b8622a2524d021bce**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=U_wKsHw-_r4**

CVD: zDunqEFqQPyR+7WJPpQ5
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.